

# ENVIADO ESPECIAL

Alfred Hitchcock, 1940

# 1141

ESTREA EN NUMAX: 18.07.2023 | V.O.S.E. | 115 min

Pouco antes da Segunda Guerra Mundial (1939-1945), un correspondente americano enviado a Europa vese envolido na loita contra o fascismo durante a investigación do secuestro dun diplomático holandés. Trátase dunha alegación en favor da intervención dos americanos na guerra.

«Un diario de viaxes aventureiro co que Hitchcock difundiu a súa mensaxe antifascista»

Roger Moore, MOVIEATION



## Unha mensaxe nun sobre elegante

Por Saptarshi Ray

Canto te despistas nunha reunión social e chegas tarde ao bufete os pratos de luxo xa voaron. Así que, ao ter eu chegado tarde á festa de Hitchcock, non é sorprendente que os meus pratos preferidos xa foran devorados: *39 escalóns* (1935), *Crime perfecto* (1954), *A ventá indiscreta* (1954), *Estraños nun tren* (1950). Pero isto dános tempo a volver visitar algúns dos pratos máis humildes dun cocinheiro cinco estrelas coma el, comida que, igualmente, nutre mente e alma.

*Enviado especial* (1940) descríbese habitualmente como unha obra menor de Hitchcock, filme de propaganda en tempos de guerra, gloriosa serie B e un dos maiores filmes de espías xamais feitos. E todo iso é, ao tempo, verdade e mentira. Atopámonos ante unha historia coas intencións máis serias que se eleva por riba da media e se sitúa xusto por baixo da xenialidade pero que debера servirse na mesa principal do mestre do suspense.

Realizada en 1940, no seu primeiro período en Hollywood, a trama céntrase nunha Europa que agarda que a guerra se declare en calquera intre. Debido a que Estados Unidos era oficialmente neutral cando se fixo o filme, a ficción e a realidade abrázanse para enmascarar a alegoría dos aliados e os nazis. Fíxose para que o público norteamericano soubese algo máis do que estaba a pasar en Europa e, en certa medida, para que se preparase para o inevitable.

A acción comeza cando o editor do New York Globe, farto de non entender o que está a suceder en Europa, canso de economistas, políticos e correspondentes que transmiten comunicados oficiais sen contexto nin análise, decida enviar a Europa a alguén diferente. "Quero alguén que non saiba distinguir un "ismo" dun canguro, un bo e honesto reporteiro de crimes, iso é o que o Globe necesita. É o que Europa precisa. Hai un crime que está a xestar nun continente acosado!"

Johnny Jones, hábil reporteiro de crimes, é o home elixido e, por suposto, remata descubrindo unha rede de espionaxe que traizoa o Reino Unido e os Países Baixos aos seus inimigos. O uso do xornalista en lugar do espía permítelle a Hitchcock chegar a lugares que un thriller normalmente evitaría, alén dos despachos e os discursos radiofónicos para saber cal é a motivación dos diferentes países en contenda. O subtexto é claro: os europeos están fartos de séculos de conflitos e os estadounidenses serán os ollos e os ouvidos ao outro lado do Atlántico. O veterano correspondente do Globe en Londres está máis interesado en curar a resaca e coñecer a súa moza que en cubrir a nova máis importante do século. América é o que Europa necesita.

O humor e a brillantez de Hitchcock fanse evidente de maneira natural en numerosas escenas: un asasino foxe baixo os paraugas entre a multitude; un ancián dunha tranquila vila holandesa de socato ve como autos de policía cruzan a toda velocidade o carreiro que leva á súa casa e finalmente desiste; mesmo se cita a Hitler como fonte potencial da historia. Se cadra Hitchcock, que se tomaba en serio o seu deber como cidadán, sabía que cando a mensaxe chega nun sobre elegante é difícil resistirse a ela.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Extraños en un tren,*  
Patricia Highsmith.  
Anagrama, 2015

*La ventana indiscreta,*  
Alfred Hitchcock.  
Universal Pictures [DVD]

*El cine según Hitchcock,*  
François Truffaut.  
Alianza Editorial, 2010